

CONCELLO DE NEGREIRA

Nº Expte.: **IN408A 2020/144**Denominación do proxecto: **Solución de evacuación conxunta dos PPEE MARAGOUTO E BANZAS**

Solicitante/Promotor: Green Capital Power, S.L

Situación: Concellos de **Mazaricos, Brión, Lousame, Negreira, Outes e Rois (A Coruña)**Asunto: Remisión da documentación relativa a **Declaración de Utilidade Pública (DUP)** do proxecto referenciado **para a súa exposición pública**.

Achegase a documentación que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través do seu correspondente enlace, para os efectos da **súa exposición pública** no taboleiro de anuncios dese Concello **durante o prazo de trinta (30) días** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo (no DOG ou no xornal). Ademais, esta documentación tamén se poderá **consultar no portal web** da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do seguinte enlace:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

- **Acordo** do 5 de abril 2022

<http://descargas.xunta.es/d12158cb-761b-40a0-8b71-bc2dcbeef06e1649155121935>

Documentación que se expón:

- **Plano xeral** parcelario e **planos individuais** dos predios afectados

<http://descargas.xunta.es/21560f58-f5d5-4214-8e07-d5ba598ac4501649155227984>

Rematado este prazo, **deberá remitir** a esta Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, un **certificado acreditativo** desta exposición no que deberá indicar:



- A **exposición pública, especificando toda a documentación** anteriormente **relacionada**, así como indicar se houbo ou non **alegacións** e, de ser o caso, **relacionais na certificación** para a súa constancia no expediente administrativo.

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctricas; e demais normativa vixente de aplicación.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital
O xefe do servizo de Enerxía e Minas
Juan José Iglesias Suárez

